



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

# ACTA

**Expediente núm.:**

PLN/2019/2

**Órgano colexiado:**

O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de marzo de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:45 ata as 21:28 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (Decreto da Alcaldía de delegación de competencias nº 2019-0256)
<b>Secretaria</b>	LUCIA ARTIME ALONSO

## ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[Redacted]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
[Redacted]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[Redacted]	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
[Redacted]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[Redacted]	CARMEN GÓMEZ OTERO	NON
[Redacted]	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
[Redacted]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
[Redacted]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[Redacted]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[Redacted]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[Redacted]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[Redacted]	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
[Redacted]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)  
ALCALDIA  
Fecha: 05/04/2019  
HASH: 6339a328cccc466af6b15c3ae19672



MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS (2 de 2)  
SECRETARIA ACTUAL  
Fecha Firma: 05/04/2019  
HASH: c831c5669d497408979a3422636cb0b6



**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9FXS4MLPTPKCSYLX5W25NQT R5 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 15



[REDACTED]	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	NON
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
[REDACTED]	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
[REDACTED]	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
[REDACTED]	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente en funcións abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE FEBREIRO DE 2019

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente en funcións a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 767/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE, POLO QUE SE REXEITA A MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA APOIAR A FOLGA FEMINISTA DO VINDEIRO 8 DE MARZO

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 10,  
En contra: 0,  
Abstencións: 8,

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLPTPKCSTLX5M2SNQTR3 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPúblico Gestión | Página 2 de 15



Outórgase a palabra á voceira do partido municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, quen pasar a expoñer a moción presentada o 14/02/2019 e que se transcribe literalmente de seguido:

*"Raro é o día que non hai unha nova sobre algunha agresión, ameaza ou vulneración de dereitos cara as mulleres. Nos últimos 16 anos, 975 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas. A conclusión é clara: o machismo mata, mais os asasinatos de mulleres son a punta do iceberg, as manifestacións máis letais, pero son moitas as condutas, accións, omisións, etc. que tamén son expresións da violencia machista e reflicten que a desigualdade existente entre mulleres e homes segue presente, dende unha base estrutural: os esquemas machistas e patriarcais que inda imperan na nosa sociedade: A feminización da pobreza, a precarización das condicións laborais, os teitos de cristal, a cultura da violación ou os roles de xénero hexemónicos que limitan a capacidade de decisión das mulleres, por citar algúns exemplos, son tamén formas de violencia coas que todas convivimos.*

*Estas desigualdades maniféstanse en múltiples ámbitos e contextos, sendo nalgúns casos máis evidentes e noutros máis sutís ou invisibilizados. Por poñer algúns exemplos: no ámbito laboral son de destacar a fenda salarial entre xéneros (cunha diferenza dun 22%: mentras as mulleres cobran 15.730€ ao ano, os homes 20.243€)), o teito de cristal, a precariedade, o acoso e violencia no ámbito laboral. As mulleres representan o 65% da poboación mundial que, tendo acadado as idades previstas pola lexislación para percibir unha pensión de xubilación, non a reciben. No ámbito dos coidados, a carga desproporcionada de traballo non remunerado, ausencia de reparto equitativo de responsabilidades entre mulleres e homes, estereotipos, etc.*

*Cómpre mellorar as condicións laborais das mulleres, loitar contra as discriminacións, promover a implementación efectiva de medidas de conciliación e corresponsabilidade, esixir recursos e medidas para loitar contra a violencia machista, transformar a economía para un reparto xusto do emprego, o traballo dos coidados e a riqueza, recoñecer o dereito das mulleres a decidir sobre os seus corpos, etc. Queda moito por facer para chegar á igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*Constatando esta situación, rematar coas discriminacións e a desigualdade entre mulleres e homes non é so un deber ético, senón tamén un compromiso inaprazable ou débeda histórica coas mulleres, no que tódalas institucións e axentes implicados teñen que participar activamente, asumindo un rol activo na loita contra a desigualdade e a prol da equidade.*

*O pasado 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, tivo lugar unha mobilización histórica contra a desigualdade de xénero en todas as súas vertentes.*

*Por primeira vez no noso país, levábase a cabo unha folga feminista (de coidados, de consumo, estudantil e laboral), co obxectivo de visibilizar que se para o traballo produtivo e reprodutivo das mulleres, para o mundo, visibilizar os problemas que padecen as mulleres e reivindicar a igualdade real.*

*Os motivos para sumarse á folga sobran, como se pode observar tanto nesta moción como revisando documentación diversa. É preciso denunciar as desigualdades, discriminacións e violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación (as mulleres), e reivindicar un novo modelo.*

*Non podemos consentir retrocesos e ameazas expresas como os que estamos a ver nestes momentos, onde as mulleres e os seus dereitos son empregados como moeda de cambio. A*

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX54MLFTPKCSYLX5M25NQTTR5 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 15



*dereita e a extrema dereita non comezan polas mulleres ao azar: este tema da votos, porque o machismo e a misoxinia son transversais, e o feminismo é a maior forza contra eles, xa o dicía Simone de Beauvoir en 1949 no seu libro “El segundo sexo”: “non esquezades xamais que bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan a ser cuestionados. Eses dereitos nunca se dan por adquiridos. Debedes permanecer vixiantes durante toda a vosa vida”.*

*A igualdade tamén debe rexer a acción política para avanzar nunha sociedade máis igualitaria e inclusiva. É unha cuestión esencial que nos concirne a todas e todos.*

*Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal de Móvete*

**ACORDA:**

*Instar ao Pleno do concello da Estrada a aprobar os seguintes acordos:*

- Apoiar activamente a Folga Feminista do vindeiro 8 de marzo, así como tódolos eventos, reivindicacións e accións convocadas co mesmo obxectivo que a folga, antes e/ou despois da citada data, facilitando os medios dispoñibles dende o Concello para elo.*
- Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de tódalas mulleres traballadoras municipais que se sumen á reivindicación.*
- Elaborar desde o Concello unha declaración institucional en apoio á folga feminista do 8 de marzo.*
- Colocar no Concello a bandeira feminista como acto simbólico de apoio á folga e ás reivindicacións prantexadas."*

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para manifestar o apoio do seu partido á iniciativa de manifestación e paro propostos polo movemento feminista e polos sindicatos UGT e Comisións para o vindeiro día oito de marzo, por considerar que, tanto a nivel municipal como estatal, débese loitar para o remate da desigualdade entre homes e mulleres, invitando a todos/as traballadores/as a esta folga, como medida de conciliación e reivindicación ante esta situación de desigualdade que viven as mulleres no noso país.

Continúa recoñecendo que esta iniciativa foi sempre apoiada en conxunto por todos os grupos políticos municipais que forman esta corporación e, dende o seu grupo socialista, están totalmente volcados na loita contra o machismo, e, por esa razón, van a votar a favor da moción do grupo de Móvete.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para trasladar o seu voto a favor da moción de apoio á folga feminista do vindeiro 8 de marzo, apoio que forma parte da moción conxunta que se tratará no punto seguinte desta Orde do Día, moción conxunta que é un orgullo para este Concello, por tratarse dun apoio unánime de toda a corporación e que se repite ano tras ano, considerando que son unhas xustas reivindicacións para poder alcanzar unha sociedade xusta e igualitaria.

Sigue manifestando o seu escándalo ao escoitar as declaracións dun candidato a presidente do goberno do Estado (presidente tamén do partido político que goberna o noso concello), o cal dicía que o feminismo enfrontaba unha sociedade contra outra, cando realmente é o machismo o que enfronta a nosa sociedade, xustificando a desigualdade entre homes e

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLP1PKCSTYLSM2SNQTR | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 4 de 15



mulleres, ao revés que o feminismo, o cal busca é a igualdade entre todos os membros dunha comunidade.

Toma a palabra o **Presidente** desta sesión, para dicir que todos os partidos políticos presentes nesta sesión plenaria apoian de forma unánime esta moción, sen embargo o grupo de goberno vaise a abster na votación por que a manifestación de apoio á folga feminista xa está incluída na moción conxunta que se trata no seguinte punto da orde do día desta sesión, e, por ende, caeríase nunha reiteración.

Continúa informando que o domingo pasado o Concello colaborou cun autobús para aquelas persoas que quixeron asistir á manifestación celebrada en Lugo para reivindicar os dereitos das mulleres, o que deixa constancia do apoio do grupo de goberno á muller e á igualdade de xéneros, pero, como dixo, por estar plasmado este apoio na moción conxunta que se tratará a continuación, o seu grupo se absterá na votación desta moción por considerar que se caería nunha reiteración.

Finalmente, sométese o asunto a votación, adoptándose polos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (10), e a abstención do PP (8), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción do grupo político municipal de MÓVETE presentada o 14/02/2019 (2019-E-RCIB-1), relativa ao apoio á falta feminista a celebrar o vindeiro 8 de marzo.

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada o 27/02/2019.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

### **ACORDAMOS**

**Primeiro.-** Apoiar activamente a Folga Feminista do vindeiro 8 de marzo, así como tódolos eventos, reivindicacións e accións convocadas co mesmo obxectivo que a folga, antes e/ou despois da citada data, facilitando os medios dispoñibles dende o Concello para elo.

**Segundo.-** Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de tódalas mulleres traballadoras municipais que se sumen á reivindicación.

**Terceiro.-** Elaborar desde o Concello unha declaración institucional en apoio á folga feminista do 8 de marzo.

**Cuarto.-** Colocar no Concello a bandeira feminista como acto simbólico de apoio á folga e ás reivindicacións prantexadas.

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX54MLPTPKCSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 15



## **DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen comeza dicindo que todos os grupos políticos que integran esta corporación, como todos os anos, únense co fin de loitar polos dereitos das mulleres, esperando que algún día sexa unha realidade e non unha reivindicación. Polo anterior, na Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade celebrada o 27/02/2019, elaborouse unha moción conxunta con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, a cal remata coa seguinte proposta de acordos:

1.- Apoiar a folga feminista prevista para o vindeiro 8 de marzo como medida de visualización da defensa dos dereitos das mulleres e en prol da igualdade, como unha medida de concienciación e reivindicación da necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade.

2.- Reiterar o compromiso do Concello de A Estrada a seguir realizando campañas e actuacións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, traballando polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero e rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades.

3.- Instar ao Goberno do Estado a:

- Aprobar unha Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019
- Aprobar neste ano dunha Lei de Conciliación e Corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.
- Aplicar e cumprir todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, con competencia estatal e, con especial consideración, aos cambios lexislativos aprobados e recollidos no Pacto.

4.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade, fomentando a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións.
- Continuar e mellorar o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social, así como estender estes programas ás empresas e ás entidades locais de Galicia neste 2019.
- Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito de competencia.

Pide a palabra a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, para propoñer unha emenda á moción conxunta co gallo de avanzar na igualdade entre xéneros e poñer fin coa violencia e discriminación contra a muller, a cal consistiría en engadir un punto máis na parte

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004    Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLPTPKCSYLX5M2SNQTRS | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 6 de 15



dispositiva da moción no que se solicite aos grupos parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, procedendo a dar traslado deste acordo á ditos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e no Senado; así mesmo considera que debería ser corrixir o punto 4º, de xeito que quedara redactado “*Instar ao Goberno do Estado resultante do vindeiro proceso electoral a:...*”

Intervén a **Sra. Goldar Cora**, para propoñer que se modifiquen outros puntos da moción, tal como aquel en que se solicita ao goberno do estado que aprobe unha Lei de Conciliación e Corresponsabilidade, engadindo no mesmo que esta aprobación sexa o máis pronto posible e con prioridade.

A continuación, procédese a votar a emenda á moción, aprobándose por unanimidade.

A **Sra. Amalia Goldar Cora**, procede a dar lectura á moción conxunta, introducida a emenda proposta e aprobada por todos os membros asistentes a esta sesión plenaria:

*“A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.*

*As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.*

*Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.*

*A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.*

*As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.*

*As medidas, tanto de conciliación como de racionalización horaria, teñen, sen dúbida, efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e, concretamente, as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.*

*Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.*

*Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLPTPKGSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Páxina 7 de 15



actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, os grupos políticos que integran esta corporación **ACORDAMOS:**

1º.- Apoiar a folga feminista prevista para o vindeiro 8 de marzo como medida de visualización da defensa dos dereitos das mulleres e en prol da igualdade, como unha medida de concienciación e reivindicación da necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade.

2º.- Reiterar o compromiso do Concello de A Estrada a seguir realizando campañas e actuacións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, traballando polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero e rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades.

3º.- Solicitar aos grupos parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, procedendo a dar traslado deste acordo á ditos grupos parlamentarios.

4º.- Instar ao Goberno do Estado, resultante do vindeiro proceso electoral, a:

- Aprobar unha Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019
- Aprobar, o máis pronto posible e con prioridade, dunha Lei de Conciliación e Corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.
- Aplicar e cumprir todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, con competencia estatal e, con especial consideración, aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.

5º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade, fomentando a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións.
- Continuar e mellorar o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social, así como estender estes programas ás empresas e ás entidades locais de Galicia neste 2019.
- Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito de competencia.”

Intervén novamente a **Sra. Belén Louzao** manifestando que, o grupo socialista, en calidade de representante da sociedade estradense, apoia totalmente a folga feminista do vindeiro día 8 de marzo, así como a súa máxima esixencia ás administracións públicas para que se adopten todo tipo de medidas para acadar a total igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco**, voceira de Móvete, para trasladar o seu apoio a esta moción conxunta, alegrándose por haber chegado a un acordo entre todas os grupos políticos

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX5M4MLPTFKCSTYLX5M2SNC7RS | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 8 de 15





para loitar por por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, sumándose ás verbas ditas polas anteriores voceiras, atopándose satisfeito por acadar de forma unánime este acordo, aínda que a realidade despois é moi diferente, xa que os organismos que teñen que regular as leis van moi lentos e, polo tanto, este tipo de acordos non chegan a converter en realidade o desexo de igualdade entre homes e mulleres, sobre todo nesta época que estamos a vivir, onde cada día recrúese máis a o machismo en certa parte da sociedade española, sobre todo no que se refire á dereita, xa que certo presidente di que o feminismo divide a sociedade, non incluíndo á dereita do noso goberno municipal xa que espera que non sexa partícipe deste tipo de pensamento, negándose a crer que o Partido Popular da Estrada chegue a acordos con entidades machistas como, por exemplo, VOX. Polo dito, apoia totalmente a manifestación feminista a celebrar o próximo día 8, a cal foi un feito histórico o ano pasado e unha toma de conciencia por parte de toda a sociedade de que hai que rematan dunha vez por todas coa discriminación que sofre o 50% da sociedade, por iso, temos que deixar claro que non apoiamos actitudes de discriminación do movemento feminista, o cal está a loitar por uns xustos dereitos políticos e sociais. Polo dito insiste na importancia de chegar a este acordo político de apoio a esta folga.

O **Sr. Presidente** di que todos os partidos políticos que están representados nesta sesión están de acordo con todo aquilo que significa o día 8 de marzo, así como coa loita que se está facer co fin de acadar a igualdade entre homes e mulleres, tanto en dereitos como deberes, e, por suposto, espera que a nosa postura sirva para que os organismos superiores nos escoiten e poida tamén chegar a un consenso en beneficio desta igualdade, xa que as mulleres non deberían estar hoxe en día discriminadas en ningún sector da sociedade.

Finalmente, estando todos de acordo coa redacción da moción conxunta, procédese a súa votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción elaborada conxuntamente entre todos os grupos políticos municipais, a través dos/das concelleiros/as presentes na sesión celebrada o 27/02/2019 pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en relación á celebración do día 8 de marzo de 2019 do "Día Internacional da Muller".

Vista a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, a cal é aprobada por unanimidade.

Visto o debatido nesta sesión, adóptase o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a Moción conxunta de todos os grupos políticos municipais elaborada con motivo da celebración o día 8 de marzo de 2019 do "Día Internacional da Muller", e que se transcribe a continuación:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego*

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cod. Validación: 9PXS4MLP7PKCSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 9 de 15



e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas, tanto de conciliación como de racionalización horaria, teñen, sen dúbida, efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e, concretamente, as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, os grupos políticos que integran esta corporación **ACORDAMOS:**

**1º.-** Apoiar a folga feminista prevista para o vindeiro 8 de marzo como medida de visualización da defensa dos dereitos das mulleres e en prol da

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLP1PKCSTYLSM2SNQ1RS | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>  
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 10 de 15



*igualdade, como unha medida de concienciación e reivindicación da necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade.*

**2º.-** *Reiterar o compromiso do Concello de A Estrada a seguir realizando campañas e actuacións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, traballando polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero e rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades.*

**3º.-** *Solicitar aos grupos parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, procedendo a dar traslado deste acordo á ditos grupos parlamentarios.*

**4º.-** *Instar ao Goberno do Estado, resultante do vindeiro proceso electoral, a:*

- *Aprobar unha Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019*
- *Aprobar, o máis pronto posible e con prioridade, dunha Lei de Conciliación e Corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.*
- *Aplicar e cumprir todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, con competencia estatal e, con especial consideración, aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.*
- 

**5º.-** *Instar á Xunta de Galicia a:*

- *Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade, fomentando a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións.*
- *Continuar e mellorar o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social, así como estender estes programas ás empresas e ás entidades locais de Galicia neste 2019.*
- *Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito de competencia.”*

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Expediente 802/2019. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0239 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2018.**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cod. Validación: 9PX54MLP7PKGSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 11 de 15



Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/03/2019.  
Visto o Decreto da Alcaldía nº 2019-0239, do 28 de febreiro, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do exercicio 2018.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 28/02/2019, sobre a tramitación do expediente de liquidación do orzamento e de conformidade co establecido no artigo 90,2 do R.D. 500/1990 e 174,4 da LR.F.L.

**DÁSE CONTA** do Decreto da Alcaldía nº 2019-0239, de 28 de febreiro, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2018, así como do Remanente de Tesourería.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**Expediente 2783/2018. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2018.**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 01/03/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que dende a Intervención municipal se considera necesario, e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

Visto o informe emitido con data do 01/03/2019 pola Intervención municipal.

Vista a demais documentación que consta no expediente 3783/2018.

**DÁSE CONTA** da seguinte documentación, previa comunicación da mesma, en tempo e forma, á OVEELL:

- 1.-** Comunicación de Rendición da información na OVEELL do 4º trimestre 2018 do Período Medio de Pagamento (PMP).
- 2.-** Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 4º trimestre 2018
- 3.-** Informe de Morosidade do 4º trimestre 2018.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX54MLPTPKCSTYLX5M2SNC0TR5 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 12 de 15



## DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 28 de febreiro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0114 ao número 2019-0239 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, dicindo que hai que ser conscientes de que é responsabilidade do grupo de goberno o someter a debate e posterior aprobación o Orzamento para este ano 2019, sen embargo estamos a marzo e aínda esta obriga non está cumprida, lembrando que é responsabilidade do grupo de goberno o propoñer un borrador de Orzamento e é responsabilidade da oposición o fiscalizalo, pero non se pode fiscalizar algo que non está feito, polo tanto desiste de levar fóra da orde do día desta sesión unha proposta de borrador de Orzamento para o exercicio 2019.

Continúa coa súa intervención denunciando que se están a facer estes días traballos de asfaltado en varios camiños do noso municipio, traballos que se traducen nun sprint antes das eleccións, de presa e correndo, e, por este motivo, estes asfaltados estanse a facer mal, de feito chegaronlle queixas de varios lugares e parroquias, tales como Montillón, xa que por mor das choivas destes días xa se están a desfacer; o mesmo ocorre no casco urbano, tal é o caso da Rúa Castelao e onde xa se están a ver os buracos no recente asfaltado; outro exemplo é a pista que vai dende Liñares a Nogueira, onde podemos ver a perigosidade con que quedou feita. Polo dito, pide ao grupo de goberno que non corran tanto nese sprint final, porque de todos é sabido que nunca fixeron nada en materia de infraestruturas no rural durante todo o seu mandato, e agora o queren facer antes das eleccións de xeito apurado e deficiente.

Polo anterior pide ao grupo de goberno que adiquen tempo en visitar e inspeccionar os traballos de asfaltado feitos no rural nestes últimos días e poñan solución ás deficiencias nos accesos a Montillón e outras parroquias de Souto, da pista de Liñares a Nogueira e na Rúa Castelao. En definitiva pide que se fagan as cousas ben no tempo que lles queda no goberno, senón xa virán outros na próxima lexislatura que o fagan mellor.

Lle responde o **Sr. Presidente** que é mellor falar desta lexislatura e xa se verá o que pasa na seguinte cando esteamos outra vez aquí reunidos. Con respecto ás rúas de Montillón e Castelao lle informa que aínda as obras non están recepcionadas, e, precisamente hoxe, foi a Montillón e observou as deficiencias sinaladas pola Sra. Louzao, así que mañá porase en contacto coa empresa adjudicataria destas obras para que as subsanen, así que pide que non se preocupe porque todo será arranxado antes de rematar o contrato.

Pide a palabra a Concelleira do Partido Socialista, **Dna. Montserrat Maceiras**, para solicitar a retirada dunha marquesiña non homologada sita no lugar de A Consolación, parroquia de Tabeirós, a cal non sabe que a puxo, xa que parece ser que non foi nin o Concello nin a Deputación; sen embargo, se se retira os nenos non teñen onde guarecerse para esperar o autobús escolar, polo que solicita que sexa substituída por unha homologada ou ben que se arranxe a existente substituíndo os seus cristais.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PXS4MLPTPKCSTYLX5M2SNQTR3 | Verificación: <http://aesrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 13 de 15



O **Sr. Presidente** di que se estudará, previa visita ao lugar, para decidir se se arranxa a existente ou se substitúe por outra.

Antes de transcribir a intervención da Sra Mar Blanco faise constar nesta acta que esta presentou o día 06/03/2019 (con entrada no rexistro de pleno nº 2019-E-RPLN-3) un escrito para introducir na parte de Rogos e Preguntas desta sesión, relativo á solicitude de documentación consistente en copia de da solicitude que enviou o Concello a Política Social para acadar a homologación do Centro de Día e da autorización da súa apertura, así como unha relación dos gastos xurídicos que tivo o Concello durante os anos 2015, 2016, 2017 e 2018; ao que a Sra. Secretaria municipal lle responde e advirte, antes do comezo da sesión, que este tipo de peticións débense formular polo rexistro de entrada xeral, xa que a través do medio utilizado tan só debéndose formular preguntas ou rogos para incluír neste apartado e non solicitude de documentación.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para, en primeiro lugar, engadir dúas pistas ao listado da voceira socialista, unha delas e unha sita en Sar de Arriba-Santeles, a cal foi arranxada recentemente e de xeito deficiente; por outra banda di que se debeu esquecer dun camiño en Remesar (que da acceso ao campo da festa) nas actuacións de asfaltado aprobadas.

Así mesmo traslada que os veciños da Avda de Pontevedra reclaman dous pasos de peóns para as súas 1ª e 2ª Travesía e unha sinal viaria para a 2ª Travesía que indique a prohibición de xiro para abaixo.

Por outra banda, di que os veciños da Rúa Rosalía de Castro piden que se lles arranxen as beirarrúas así como dun muro en perigo de derrube.

Tamén traslada a solicitude dos veciños de Oca para o acendido de dous puntos de luz, un no cruce sito detrás do Restaurante América e outro no cruce do colexio, petición efectuada por rexistro de entrada no Concello pero sen resolver.

Por último, é sabedora que se mercadon dos exemplares do libro Fillos do Tempo, sen embargo non se atopan na Casa das Letras, polo que pregunta sobre onde están.

A esta última pregunta lle contesta o **Sr. Presidente** que se atopan no despacho do Sr. Alcalde e, proximamente, un irá para a Casa das Letras.

Con respecto ao sinalado no resto da intervención da Sra. Blanco, di que o asfaltado da pista de Sar de Arriba – Santeles está incluído no proxecto que está neste momento en período de licitación e pronto se adjudicará; e, no relativo ao ademais, di que se porán a traballar para dar resposta ás peticións veciñais.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para lembrar que no lugar de Chán da Aldea da parroquia de A Somoza hai unha edificación con perigo de derrube, polo que sería necesario falar cos seus propietarios para que tomen as medidas oportunas.

Tamén pide que se realice unha vixilancia do estado dos inmóbeis abandonados no casco urbano, porque algún deles presenta unha situación bastante perigosa, sendo necesario esta revisión e poñerse en contacto cos respectivos propietarios para que adopten as medidas pertinentes.

Pregunta sobre en que punto están as xestións para a reposición do cruceiro de Ouzamerxe.

A esta última pregunta lle responde o **Sr. Presidente** que se está pendente de Patrimonio, sendo este organismo o que provoca o atraso do seu arranxo.

Continúa coa súa intervención o **Sr. Magariños** trasladando unha petición dos veciños de A Graña – Matalobos para que se solucione o feito de que o alumado público está acendido pola

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX54MLP7PKCSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 14 de 15



tarde.

Pide que se arranxe o máis pronto posible unha pista sita no lugar de A Torre en Guimarei (por detrás da fonte) e que da servizo a dous veciños, porque atópase nun estado lamentable.

Traslada a solicitude dos veciños da Avda Fernando Conde para que sexa reposto o alumado público ou ben que se poñan luces provisionais, xa que non está en funcionamento por causa das obras e pola noite non se ve absolutamente nada co conseguinte perigo que ocasiona para os viandantes.

Resposta o **Sr. Presidente** que é sabedor do problema de falta de iluminación na Avda de Fernando Conde e vai a avisar aos electricistas municipais para resolvan o problema.

O **Sr. Magariños** continúa facendo a observación de que os responsables da obra da Alameda non fixeran caso dos consellos do BNG e non se deran conta de que a herba necesita sol e, polo tanto, se diante da Casa do Consello van a deixar un anaco de herba, deben saber que esta necesitará luz e non a vai a haber, polo que ao final tan só haberá terra, xa que as plantas necesitan da fotosíntese e, por ende, o sol, así que non entende como os proxectistas non teñen en conta estes aspectos.

O **Sr. Presidente** di que se terá en conta a observación do Sr. Magariños, e, non habendo máis intervencións, pregunta ao público asistente se queren formular algún rogo e pregunta, ao abeiro do Regulamento municipal de Participación Cidadá e, non habendo, procede levantar a sesión sendo as vinte e unha horas vinte e oito minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0004 Fecha: 05/04/2019



Cód. Validación: 9PX54MLPTPKCSYLX5M2SNQTR5 | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págin 15 de 15

